

PROPOSTA DE REORDENACIÓN DA UTILIZACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO NA RÚA DO BARATILLO

1. CARACTERIZACIÓN DA RÚA:

- a) **Tránsito motorizado de destino:** existen 7 garaxes con vao, 3 portais de edificios, unha actividade comercial e unha actividade profesional.
- b) **Tránsito motorizado de paso:** vehículos procedentes da rúa Braña que circulan en dirección á N-120 pasando por Baratillo para continuar ou ben por Cortiña Vella-San Roque e Avenida de Galicia ou ben por Rúa Ferreiros. Acceso de taxis con parada en República Arxentina en días de Feiras e Mercados.
- c) **Tránsito de peóns:** nexo de comunicación peonil de parte do centro (dende Praza Maior, Santa Ana, Oriente, Esperanza, República Arxentina, Fernández Vega ou Ferreiros) con tres equipamentos públicos: Fonte do Baratillo, Biblioteca-Museo e Parque da Perillana, ademais da Avenida de Castelao e equipamentos educativos coma o Colexio Santiago Apóstol.
- d) **Beirarrúas:** só existen no primeiro tramo dende a Biblioteca até a Fonte do Baratillo, unicamente pola marxe dereita e tan só contan con 1,80 metros de anchura. A marxe esquerda dese tramo carece de paso peonil. O tramo dende a fonte até a rúa Fernández Vega carece de zona para peóns delimitada e/ou segura.
- e) **Calzada:** o primeiro tramo conta con aproximadamente 8 metros de anchura, é de dobre sentido de circulación e carece de delimitación de carrís. O tramo dende a fonte conta cunha anchura variábel entre 3,50 e 5,50 mts e é de sentido único ascendente. Este tramo presenta unha acusada pendente.
- f) **Estacionamentos:** unicamente dispón de estacionamentos na marxe dereita do primeiro tramo (dende Biblioteca até antes da fonte). Os

vehículos tamén estacionan de calquera xeito na marxe esquerda ocupando calzada e impedindo o paso de peóns.

- g) Valores:** existe unha fonte e muro de contención integrado de valor artístico, histórico e arquitectónico.

2. PROBLEMÁTICAS ACTUAIS NA RÚA DO BARATILLO

- 2.1. Inexistencia dun itinerario peonil continuado, seguro e cómodo:** as persoas que camiñan teñen que circular en moitos tramos polas zonas nas que circulan ou estacionan vehículos.
- 2.2. As beirarrúas existentes non acadan a anchura mínima establecida no Plan de Mobilidade Urbana Sostíbel (PMUS): 2,50 metros.** Esta anchura é a mínima para que, por exemplo, dúas persoas con paraugas poidan pasar entre sí sen necesidade de baixar da beirarrúa e invadir a calzada.
- 2.3. Anchura insuficiente da sección da rúa para acoller zona de circulación e zona para peóns:** a anchura da rúa no tramo dende a fonte até a rúa Fernández Vega non permite crear beirarrúas de 2,50 metros e un carril de circulación de 3 metros.
- 2.4. Itinerario inaxeitado e inseguro para vehículos e peóns:** o tramo dende a fonte até a rúa Fernández Vega pola súa esaxerada pendente non é axeitada para a circulación de vehículos e xera riscos e inseguridade para peóns e vehículos.
- 2.5. Danos ao patrimonio histórico:** o muro perimetral da fonte recibe con frecuencia o impacto de vehículos que se dirixen cara a rúa dos Ferreiros e N-120.
- 2.6. Tráfico de paso innecesario que dispón doutras alternativas:** a rúa úsase como itinerario de paso de vehículos que unicamente poden continuar até a N-120. Existen alternativas para dirixirse ao mesmo destino: pola rúa Perillana-Avda de Castelao-N120 ou pola rúa Cortiña Vella-San Roque-Avda de Castelao-N120. Ese tránsito innecesario por Baratillo xera contaminación, ruído e inseguridade.

3. OBXECTIVOS DA PROPOSTA

- 3.1. **Primeiro as persoas:** no uso do espazo público a prioridade son as persoas e o seu dereito a desprazarse camiñando de forma segura e cómoda. O tránsito de vehículos está supeditado e condicionado ao dereito a camiñar con seguridade. A proposta de actuación pretende garantir ese dereito que hoxe en día non se pode exercer.
- 3.2. **Redución do tráfico de paso e innecesario:** Ponteareas, igual que a meirande parte de cidades e vilas, ten como obxectivo reducir o uso do vehículo a motor, especialmente nos centros urbanos. A proposta pretende reducir o número de coches que circulan por esta zona residencial, limitándoo aos vehículos que deben transitar por necesidade, non por comodidade.
- 3.3. **Redución de contaminación:** a redución do tráfico conleva a redución da contaminación por emisións de dióxido de carbono (CO₂), monóxido de carbono (CO) e o dióxido de nitróxeno (NO₂), unha contaminación invisíbel que causa milleiros de mortos no Estado segundo datos oficiais de organismos como a OMS ou a Comisión Europea.
- 3.4. **Redución de ruído:** os vehículos a motor son os responsabeis da principal contaminación acústica en vilas e cidades.
- 3.5. **Seguridade vial:** a redución do tráfico conleva tamén aumentar a seguridade vial, especialmente nun lugar onde non existen itinerarios reservados para os peóns e a calzada conta cunha grande pendente.
- 3.6. **Protección dos valores históricos e arquitectónicos:** coa proposta protéxese un ben arquitectónico e histórico como a Fonte do Baratillo que soporta danos continuos por causa dos vehículos.
- 3.7. **Mellora e revitalización dunha zona degradada:** reducir o tráfico será un primeiro paso para mellorar unha zona degradada e abandonada durante décadas e o paso previo para realizar un proxecto de humanización desta rúa que, tal e como se fixo recentemente na rúa San Roque, mellore a calidade de vida das persoas residentes.
- 3.8. **Cumprir a previsión do Plan de Mobilidade Urbana Sostíbel:** o PMUS foi elaborado por técnicos en mobilidade co obxectivo de poñer en marcha medidas que melloren a calidade de vida en Ponteareas e a

saúde dos seus habitantes. Entre elas contémlase esta proposta para a rúa Baratillo.

4. PROPOSTA DE ACTUACIÓN

- 4.1. **Tramo dende a Fonte do Baratillo até rúa Fernández Vega:** terá a consideración de rúa peonil, prohibirase a circulación de vehículos por dito tramo, agás para acceder ao garaxe situado na propia costa que poderá facelo en sentido ascendente e saír en sentido descendente. Temporalmente, mentres se manteña a ubicación temporal dos mercados e feiras, poderán circular por esta rúa os taxis da parada de República Arxentina.
- 4.2. **Tramo entre a rúa Cortiña Vella e a Fonte do Baratillo:** terá a consideración de tramo de rúa sen saída, coa correspondente sinalización e dobre sentido de circulación para acceder e saír dos garaxes e aos servizos e habilitarase un paso peonil provisional pola marxe esquerda onde non existe actualmente beirarrúa.
- 4.3. **Tramo entre Biblioteca e Cortiña Vella:** manterá o dobre sentido de circulación e habilitarase un paso peonil provisional pola marxe esquerda onde non existe beirarrúa.

Sométese esta proposta á consideración das persoas residentes e/ou usuarias de garaxes, actividades comerciais e hostaleiras e asociacións representativas, grupos municipais, colectivos de defensa do medioambiente e taxistas. Poderán realizarse suxestións ou solicitar máis información ou aclaracións entre o día 28 de xaneiro e o día 3 de febreiro en mobilidade@ponteareas.gal.